



## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS DO TRIPLO FEMINICIDIO DE VALGA, APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS CONVOCADAS PARA O 18 DE SETEMBRO E Á CAMPAÑA #EmerxenciaFeminista PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES CON MOTIVO DA ACCIÓN PREVISTA PARA O 20 DE SETEMBRO DE 2019**

O de 2019 lembrarase como un verán negro, cun mes de xullo en que cada dous días unha muller foi asasinada. En Galicia son xa este ano cinco as vítimas, tres delas onte mesmo no Concello veciño de Valga. Por se isto fose pouco, dúas das mulleres asasinadas onte non computarán como vítimas de violencia de xénero. Ata cando estes crimes machistas produto dun sistema patriarcal fortemente arraigado na nosa sociedade?.

Non hai tempo. Paremos o mundo. Declaremos a emerxencia feminista. Non se pode seguir normalizando esta situación, non se pode seguir condenando as mulleres a conviviren co terror machista. Falamos dun terror que penetra en cada recuncho do noso día a día, coa dúbida constante de quen será a seguinte.

E seguimos, como se puidésemos continuar. Seguimos porque están afeitos a un sistema normativo ou institucional que non responde, están afeitos á violencia, están afeitos a tratarnos coma cidadás de segunda, afeitos aos nosos corpos sen vida. Seguimos neste estado de guerra inadmisíbel en democracia.


Fáltannos as máis de mil mulleres asasinadas dende 2003, fáltannos todas as que non foron contadas, todas as que xa non están.

Basta de mirar cara a outro lado, da falta de compromiso, da permisividade cos erros. Esiximos responsabilidade e maior compromiso de todas as institucións do noso Estado de Dereito.

Por todo o anterior, **o Concello de Santiago:**

Acorda apoiar as mobilizacións feministas de rexeitamento ao triplo feminicidio de Valga, solicitar a modificación legal que permita computar como vítimas de violencia de xénero familiares e outras persoas asasinadas polo terror machista e apoiar a campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través do medios dos que dispón mediante as seguintes accións:

1. Apoiar as mobilizacións feministas convocadas para o mércores, 18 de setembro, para rexeitar o triplo feminicidio de Valga.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

2. Solicitar as modificacións precisas para que mulleres asasinadas como Alba Boquete e María Elena Jamardo sexan recoñecidas como vítimas de violencia de xénero
3. Iluminar de violeta a Praza 8 de marzo a noite do 20 de setembro como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación que terá lugar ese mesmo día ás 21.00 horas.
4. Pronunciamento público da Corporación Municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a súa normalización e contra a apatía e a indiferenza.
5. Posicionarse publicamente contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero e que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende todas as instancias.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Gumersindo Guinarte Cabada  
Voceiro do PSdeG-PSOE

Alejandro Sánchez Brunete  
Voceiro do PP

Martiño Noriega Sánchez  
Voceiro de CA

Goretti Sanmartín Rei  
Voceira do BNG